

## XI FORO GALEGO DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Actividade incluída no Plan anual de formación do profesorado 2009/2010.

A inscrición debe facerse efectiva antes do 16 de outubro de 2009 a través do formulario habilitado para estes efectos no seguinte enderezo:

[www.edu.xunta.es/fprofe](http://www.edu.xunta.es/fprofe)

Por favor, indique a través do correo electrónico habilitado no enderezo anterior se durante o desenvolvemento da actividade quere facer uso do servizo de atención a menores ou precisa de calquera outro servizo específico como consecuencia dunha diversidade funcional.

Aviso: Os datos facilitados nesta solicitude serán incorporados a unha base de datos existente no Seminario Permanente de Educación para Igualdade para facer posible a realización de trámites organizativos e administrativos relacionados co foro. Así mesmo, utilizaranse para remitir información de futuras actividades do Seminario Permanente de Educación para Igualdade. Os datos facilitados non serán cedidos a ningún outro organismo ou entidade non relacionada coa organización da actividade.

## LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN


Escola Galega de Administración Pública  
Rúa Madrid, 2-4 (Polígono de Fontiñas)  
Santiago de Compostela  
23 e 24 de outubro de 2009



# XI FORO GALEGO, de EDUCACIÓN en IGUALDADE

## 0 Currículo coeducativo: aplicacións prácticas

**ORGANIZA:**  
Seminario Permanente de Educación  
para a Igualdade



EGAP, 23 e 24 de outubro de 2009  
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

# PROGRAMA

## DÍA 23 DE OUTUBRO

- 16.30-17.00** Recollida de material e acreditacións
- 17.00-17.30** Inauguración
- 17.30-19.30** Relatorio  
"A coeducación no ensino"  
D<sup>a</sup>. Nélide Zaitegui de Miguel  
*Inspectora de Educación*
- 19.30** Peche da xornada - Café

## DÍA 24 DE OUTUBRO

- 9.30-10.30** Matemáticas na matemática  
D<sup>a</sup>. Matilde Ríos Fachal  
*Profesora de Matemáticas*  
*CPI Cruz do Sar (Bergondo)*
- 10.30-11.30** Practicando deporte en igualdade: O Korfball  
D<sup>a</sup>. Rosa Fallada Salat  
*Profesora de Educación Física*  
*Especialista en Korfball.*  
*IES Ernest Luch i Martí (Cunit)*  
D. Ignasi Vinós Agustí  
*Profesor de Educación Física*  
*Especialista en Korfball*  
*IES Alexandre Dalí (Barcelona)*
- 11.30-12.00** Pausa café

- 12.00-14.00** Exposición de metodoloxías e ferramentas para o traballo práctico na coeducación:  
"O sexismo nas cancións: a linguaxe machista e os contidos sexistas implícitos"  
"Rompendo o teito de cristal: a experiencia dun proxecto coeducativo multidisciplinar"
- 16.00-17.00** O lugar do xénero na xeografía  
D<sup>a</sup>. Emilia Rodríguez Eiris  
*Profesora de Xeografía*  
*IES As Mariñas (Betanzos)*  
D<sup>a</sup>. María José Vázquez González  
*Profesora de Xeografía*  
*IES Fraga do Eume (Pontedeume)*

- 17.00-18.00** Arte para a mocidade  
D<sup>a</sup>. Beatriz Porqueres Giménez  
*Profesora de Ciencias Sociais*  
*IES Vila Gràcia (Barcelona)*
- 18.00-18.45** Actuación musical:  
Concerto delle Dame
- 18.45-19.00** Clausura



A igualdade entre mulleres e homes é un dereito básico. Desde o *Servizo Galego de Igualdade*, actúase para garantir este dereito en todos os ámbitos da sociedade. Desde 1998, estase a traballar en estreito contacto coa comunidade educativa, para facer efectivo o exercicio deste dereito fundamental, mediante unha serie de actuacións coordinadas a través do *Seminario Permanente de Educación para a Igualdade*. Entre estas cóntanse os cursos formativos destinados á comunidade escolar co fin de promover a construción dun novo modelo capaz de desenvolver todas as calidades individuais con independencia do xénero, tratando de corrixir os estereotipos e de propoñer un currículo equilibrado que elimine os trazos sexistas presentes na sociedade.

O presente foro, que alcanza a súa undécima edición, leva por título: "**O currículo coeducativo: aplicacións prácticas**". O tema é de interese se temos en conta que no currículo educativo non só están reflectidas as intencións formativas, os obxectivos e contidos, as orientacións metodolóxicas e a avaliación, senón tamén os valores, actitudes e normas sociais establecidas. É aí onde o enfoque coeducativo debe terse en conta para evitar que a intervención no currículo se produza dun modo parcial e anecdótico.

Na medida en que coeducar é algo máis que introducir unha serie de novos contidos ou de levar a cabo unhas determinadas actividades, este novo foro propón á comunidade educativa elementos de reflexión sobre as propias actuacións docentes, a partir do coñecemento dos resultados de experiencias coeducativas levadas adiante por profesionais con experiencia na aplicación do enfoque coeducativo nos seus distintos currículos de referencia. Todo iso co obxectivo de poñer a disposición das e dos docentes algunhas ferramentas e recursos que lle faciliten o traballo en igualdade.